

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 19 DE XULLO DE 2018,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro a María Emilia Casas Baamonde, Juan José González Rivas e Álvaro Rodríguez Bereijo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada provincial LU-P-0803 do alto de Gaibor á feira de Barrazoso, a prol do Concello de Begonte.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de municipios da Mariña Lucense para realización de actividades de promoción do turismo na Mariña Lucense, por importe total de cento noventa mil euros (190.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromiso de gasto de carácter plurianual relativo á Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas de formación práctica en mercados emisores mediante a realización de prácticas de especialización en oficinas de turismo en mercados emisores durante os anos 2018 e 2019 e se procede á súa convocatoria, por importe de douscentos un mil setecentos sesenta euros con noventa e un céntimos (201.760,91€), e polo que se autoriza a superación dos límites de pagamentos a conta.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente para a contratación da subministración sucesiva de combustible de calefacción (gasóleo C), para centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante un acordo marco con varios empresarios, dividido en lotes, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria suxeito a regulación harmonizada, polo importe de cinco millóns trinta e tres mil seiscentos trinta euros con cincuenta e cinco céntimos (5.033.630,55€) e un valor estimado, sen IVE, de once millóns trescentos sesenta e seis mil oitocentos vinte e dous euros con corenta e oito céntimos (11.366.822,48€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se establecen as bases da carreira profesional no ámbito do Servizo Galego de Saúde e das entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Cualedro feita a título gratuito polo Concello de Cualedro (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Porqueira feita a título gratuito polo Concello de Porqueira (Ourense) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Catoira feita a título gratuito polo Concello de Catoira (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e do inmovible do centro de saúde de Mosteiro feita a título gratuito polo Concello de Meis (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2018 e 2019, cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020. Importe total: seis millóns trescentos noventa e un mil oitocentos cincuenta e un euros con catro céntimos (6.391.851,04 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e a eximir da obriga de constituír garantías de acordo co artigo 67.4 do citado Decreto, na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de casas do maior e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para os anos 2018, 2019. Total: un millón trescentos sesenta mil seiscentos trinta e sete euros (1.360.637 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reparación do deslizamento da plataforma da estrada LU-613 Portomarín-Cendoí, no p.q. 1+050, clave: LU/18/111.02, por importe de cento setenta e un mil novecentos corenta e oito euros con trinta e dous céntimos (171.948,32 €) e un valor estimado de cento corenta e dous mil cento seis euros con cinco céntimos (142.106,05 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan forestal de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA A MARÍA EMILIA CASAS BAAMONDE, JUAN JOSÉ GONZÁLEZ RIVAS E ÁLVARO RODRÍGUEZ BEREIJO

- *A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 24 de xullo nun acto solemne*
- *Os galardoados son persoas de orixe galega que dirixiron o Tribunal Constitucional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lle concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, a Emilia Casas Baamonde, Juan José González Rivas e Álvaro Rodríguez Bereijo, persoas de orixe galega que dirixiron o Tribunal Constitucional.

María Emilia Casas Baamode

Naceu en León en 1950. Tivo unha vida moi vinculada a Galicia por ser neta dun galego de Monforte de Lemos. É catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social pola Universidade Complutense, onde se licenciou con premio extraordinario e foi a primeira muller con esta cátedra de todo o país. Ademais, é licenciada en Filosofía e Letras.

En 1998 foi elixida maxistrada do Tribunal Constitucional, converténdose na persoa máis nova ingresada na historia da institución. En 2004 converteuse na primeira muller que presidiu o Tribunal Constitucional, cargo que exerceu ata 2011. Entre outros recoñecementos foi distinguida coa Gran Cruz da Orde de Carlos III e a Gran Cruz da Orde de San Raimundo de Peñafort.

Juan José González Rivas

Nado en Ávila en 1951, pero con ascendencia galega. É doutor en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e autor de varias publicacións no ámbito xurídico. En 1975 ingresou na carreira xudicial. Entre os distintos destinos onde exerceu está o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.

Ademais, foi paralelamente letrado do Ministerio de Xustiza de España. Desde 1982 foi letrado de carreira no Tribunal Constitucional. En 1986 foi designado secretario xeral do organismo. Tamén tivo responsabilidades no Tribunal Supremo onde exerceu, entre outros cargos, o de membro da Sala de Goberno do Tribunal. É membro do Tribunal Constitucional desde 2012 e presidente desde 2017.

Álvaro Rodríguez Bereijo

Naceu en Cedeira en 1938. É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e recibiu o premio extraordinario de licenciatura. En 1996 doutorouse na

Universidade de Bolonia e ocupou a cátedra de Dereito Financeiro e Tributario na Universidade Autónoma de Madrid. A mesma universidade nomeouno catedrático emérito cando a abandonou.

Foi membro do Tribunal de Contas e maxistrado do Tribunal Constitucional. Exerceu a presidencia deste último desde 1995 a 1998. Ademais, participou na convención que elaborou a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea por designación do Estado español e foi conselleiro de Estado entre 2000 e 2004. Entre outras distincións posúe a de Cabaleiro da Gran Cruz da Orde de Carlos III, a de Cabaleiro da Gran Cruz da Orde de Isabel la Católica ou a Gran Cruz do Mérito Civil e do Mérito Constitucional.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE BEGONTE DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-0803, DO ALTO DE GAIBOR Á FEIRA DE BARRAZOSO

- *O Concello solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade desta estrada, que dá continuidade á vía municipal que provén da localidade de Illán de Arriba*
- *Coa transferencia, o concello será o responsable da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello de Begonte, na provincia de Lugo, da estrada provincial LU-P-0803, do alto de Gaibor á feira de Barrazoso.

O Concello de Begonte solicitou á Deputación Provincial de Lugo o cambio de titularidade desta estrada, que une a localidade de Gaibor coa estrada autonómica LU-541, por tratarse dun treito de estrada illado da rede provincial, que dá continuidade á vía municipal que provén da localidade de Illán de Arriba.

O organismo provincial de Lugo emitiu informe favorable e acordou en sesión plenaria o cambio de titularidade do tramo solicitado, mellorando previamente o firme e a súa sinalización. E, posteriormente, o pleno municipal de Begonte acordou aceptar a cesión da titularidade desta estrada.

O cambio de titularidade deste estrada provincial a prol do Concello de Begonte cumpre co obxectivo de racionalizar a estrutura viaria municipal e permite unificar a titularidade da estrada no concello, conseguindo así unha mellor xestión dos recursos públicos.

A transferencia desta estrada provincial ao Concello de Begonte tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade, o Concello de Begonte terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega desta vía provincial ao concello lucense formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSIANZAS DE IDIOMAS DE RÉXIME ESPECIAL

- *Ademais das competencias relativas á comprensión e produción de textos, orais e escritos, o decreto establece a necesidade de avaliar e superar as probas da nova competencia de mediación*
- *Coa posta en marcha do novo decreto facilitarase que os galegos poidan obter a través das escolas oficiais de idiomas (EOI) a máxima cualificación que establece o marco, o nivel C2*
- *Este decreto será de aplicación nas escolas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e nas súas seccións, e as ensinanzas dos niveis regulados no mesmo implantaranse no curso 2018-2019*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Decreto polo que se fixa o currículo dos distintos niveis das ensinanzas de idiomas de réxime especial. Xa que logo, este texto establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas concretados no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro. Deste xeito a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria adecúa e define no eido autonómico a norma estatal nun curto lapso de tempo.

O decreto recolle diversas novidades respecto do marco normativo anterior. En concreto, establécese especificamente a nova competencia de mediación, que avaliará todos aqueles aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas e comunidades usuarias do idioma estudado; estrutúrase a duración dos niveis para Galicia e desenvólvese e régúlase o nivel C, o que suporá que, coa posta en marcha deste decreto, se lles brinda a posibilidade aos usuarios das EOI de poderen obter os certificados acreditativos do máximo nivel de cualificación do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL), un C2.

Metodoloxía aplicada e inclusiva

Segundo este decreto, as ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo que se deberá abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, concibirase a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel.

Nestas situacións procurarase dun xeito activo a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que implique unha linguaxe sexista, o cuestionamento de

estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que se poida considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.

Ademais, os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción, creando contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula coma fóra dela.

Este decreto será de aplicación nas escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia e nas súas seccións, e as ensinanzas dos niveis regulados nel mesmo implantaranse no vindeiro curso académico.

O plurilingüismo, sinal de identidade europea

As ensinanzas de idiomas de réxime especial teñen a finalidade de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra do réxime ordinario do sistema educativo, e facilitarlle o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas estranxeiras, ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Esta organización curricular responde, así mesmo, ao fin primordial a cuxa consecución se orientan as políticas europeas en materia de educación lingüística: o plurilingüismo, entendido como sinal de identidade da cidadanía europea e como factor de enriquecemento mutuo, integración e convivencia; de desenvolvemento persoal, académico e profesional, e de progreso social e económico.

A XUNTA MOBILIZA CASE 200.000 EUROS PARA REFORZAR O POTENCIAL TURÍSTICO DOS CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura dun convenio que renova a colaboración entre Turismo de Galicia e esta Mancomunidade*
- *O acordo plurianual fará posible seguir diversificando os beneficios que a actividade turística supón en todo o territorio galego e terá como destinatarios os 16 concellos integrados neste ente supramunicipal*
- *Impulsaranse as rutas de artesanía ao redor dos obradoiros locais, fomentaranse a formación en atención ao cliente especialmente na hostalería e reforzaranse o papel do Camiño do Norte na provincia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, que permitirá dar continuidade á colaboración establecida con este destino desde hai anos para consolidar esta zona do norte da provincia de Lugo como un destino turístico diferenciado e de calidade.

O convenio mobilizará un investimento de preto de 200.000 euros, dos que a Xunta achegará 160.000 euros e que terá os 16 concellos da Mancomunidade como destinatarios. No marco desta colaboración, prevese a consolidación de produtos turísticos, a formación dos profesionais do sector e a posta en marcha de accións que reforcen o papel do Camiño de Santiago neste destino.

En concreto, o acordo, que estará vixente ata finais de 2019, inclúe a continuación das rutas de artesanía, e como novidade inclúe a posibilidade de realizar mapas ou material similar para facilitar a localización dos obradoiros e dirixir así o fluxo de visitantes directamente cara a estes recursos. Tamén se inclúe a continuidade de eventos como o Mes da Maxia, un produto turístico que se desenvolve nos meses de outubro e novembro, contribuíndo así a ofrecer atractivos turísticos tamén fóra de tempada alta.

Tamén se terá en conta o Camiño de Santiago, incluíndo a posibilidade de poñer en marcha ferramentas web que axuden á promoción do Camiño do Norte ao seu paso pola Mariña lucense. Afondarase igualmente na formación dos profesionais do sector, en especial os da hostalaría e inclúense accións encamiñadas a reforzar a comunicación e promoción xeral do destino.

No marco da Estratexia do turismo de Galicia 2020, a Xunta afonda desde xeito na súa aposta por consolidar a Comunidade como un destino diversificado que é quen de ofrecer atractivos turísticos repartidos por toda a xeografía galega. En cada zona

póñense en valor os seus mellores recursos propios, o que axuda a especializar a oferta e a desestacionalizar a chegada de visitantes, sempre con dúas premisas: a calidade e a sustentabilidade a todos os niveis.

A Mariña lucense consolídase como destino turístico, e acumula xa cinco anos consecutivos de incremento na súa demanda hoteleira. O Camiño do Norte, que entra en Galicia por esta zona do norte de Lugo, reforza o seu papel como terceiro itinerario preferido dos peregrinos. No que levamos de ano, esta ruta xacobeá está a medrar a un ritmo de máis do 11%.

TURISMO DE GALICIA OFERTARÁ OITO BOLSAS DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE TURISMO REPARTIDAS POR EUROPA, AMÉRICA E ASIA

- *O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á resolución pola que se regulan as bases para a concesión de bolsas formativas en Londres, París, Berlín, Bruxelas, Milán, São Paulo, Os Ánxeles e Cantón*
- *A convocatoria, para titulados nos últimos catro anos, desenvolveranse durante os anos 2018 e 2019 e permite que a Xunta avance no seu obxectivo de internacionalización do destino*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a resolución pola que se regulan as bases para a concesión de oito bolsas de formación especializada en mercados emisores para realizar prácticas nas oficinas de turismo de Londres, París, Berlín, Bruxelas, Milán, São Paulo, Os Ánxeles e Cantón durante os anos 2018 e 2019. O obxectivo é fomentar o perfeccionamento profesional dos bolseiros mediante a realización de prácticas suxeitas ao plan de formación que se lles entregará ao comezo.

As bolsas concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Serán indivisibles e improrrogables. Serán tamén incompatibles con calquera outra bolsa concedida para o mesmo período e con calquera actividade laboral ou remunerada.

A convocatoria diríxese a persoas tituladas nos últimos catro anos que acrediten o coñecemento da lingua oficial do país. No caso específico da bolsa de Bruxelas deberase acreditar o coñecemento de francés ou inglés mentres que para a bolsa de Cantón deberase acreditar o coñecemento de chinés ou inglés. Os aspirantes serán avaliados polo seu currículum vitae e os resultados da realización dun test de coñecementos turísticos, un caso práctico, unha proba de idiomas e unha entrevista persoal.

Turismo de Galicia financiará estas bolsas cunha contía máxima prevista de máis de 200.000 euros que se distribuirá en dúas anualidades entre 2018 e 2019. O prazo de presentación, preferiblemente por vía electrónica, será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Coa convocatoria destas bolsas, a Xunta de Galicia afonda en dous dos seus obxectivos marcados na Estratexia do turismo de Galicia 2020. Por unha banda, na busca da excelencia na atención ao viaxeiros da man da formación de calidade dos profesionais do sector. E por outro lado, tamén se avanza no obxectivo de

internacionalización do destino xa que a Xunta traballa para que, de cara ao 2020, un terzo dos visitantes que reciba sexan estranxeiros.

O ano pasado, o peso do turismo internacional foi de 28,7% e observouse de xeito xeneralizado un incremento dos principais mercados emisores. Destacan por intensidade as melloras rexistradas no anglosaxón, con incrementos da demanda turística do 17% no caso do mercado americano e do 13% no caso do británico. Participan desta dinámica outros mercados como Italia, cun 9,6% de incremento. Ademais, Brasil é xa un dos principais países emisores no referido ao Camiño de Santiago. O ano pasado foi o oitavo mercado internacional que trouxo un maior número de peregrinos a Galicia. Asia está igualmente no punto de mira do turismo galego. Tamén no eido da ruta xacobeá, mercados como o chinés medraron case un 25% en 2017.

EDUCACIÓN DESTINA CINCO MILLÓNS DE EUROS Á SUBMINISTRACIÓN DE CALEFACCIÓN EN 881 CENTROS DE ENSINO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta aprobou a tramitación da contratación do combustible, que suporá un aforro medio de 300.000 euros ao ano*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destina un total de cinco millóns de euros ao ano para os gastos de calefacción dun total de 881 centros de ensino de toda a comunidade galega que empregan gasóleo tipo C. O Consello da Xunta aprobou hoxe a tramitación do expediente da dita contratación do combustible, que supón un consumo medio estimado de 8,2 millóns de litros de gasóleo anuais (cuantificado nuns 300.000 €/ ano).

O obxectivo do contrato é garantir a subministración de gasóleo para o servizo de calefacción nos centros públicos, ao tempo que planificar a súa adquisición de xeito que se acade un maior grao de optimización e control na subministración do dito produto.

Para tal fin -ao igual que en 2016- estableceuse un acordo marco mediante un procedemento aberto de contratación. Deste xeito, ao abeiro do dito acordo marco, para o vindeiro curso 2018/19 establécense 75 lotes agrupados por criterios xeográficos, que suman un contrato de 5.033.630,55€.

Este orzamento partiu da aplicación ao número de litros estimados (8,2 millóns de litros) do prezo medio semanal do Boletín Oficial do Petróleo da Comunidade Europea do ano 2017, logo de restarlle un desconto de 0,03 €/litro, xa que é o desconto mínimo que se exige aos licitadores para concorrer á licitación. Deste xeito, o aforro mínimo previsto respecto do que sería o prezo orixinal é duns 300.000 €.

Logo de que se leve a cabo o proceso de adxudicación dos 75 lotes xeográficos en que se divide a contratación, os directores dos centros realizarán as encargas pedindo un orzamento a cada un deles, que poderán neste momento ofertar un desconto maior ao inicialmente ofrecido no acordo marco, polo que os aforros derivados da contratación poden ser aínda maiores nesta segunda fase de realización das encargas

Tal como establece o acordo, cada empresa verá limitada a súa participación a un máximo de 10 lotes dos 75 lotes xeográficos nos que se divide a contratación, que coinciden basicamente coas comarcas, agás no caso das 7 grandes cidades (que pola súa vez, se dividen en dous para que non teñan un importe económico excesivamente alto). Esta medida ten por finalidade promover unha maior concorrencia e abrir o mercado a distribuidores retalistas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS PRIMEIRAS BASES DA CARREIRA ORDINARIA PARA TODAS AS CATEGORÍAS PROFESIONAIS DO SERGAS

- *Con este acordo implántase por primeira vez en Galicia un verdadeiro sistema ordinario de carreira para todos os colectivos profesionais do Sergas*
- *Máis de 25.000 profesionais poderán beneficiarse dun incremento medio das retribucións que se sitúa en torno ao 6%*
- *O persoal interino poderá acceder, por primeira vez, á carreira profesional con pleno recoñecemento de dereitos e ao mesmo nivel que o persoal fixo*
- *O documento recolle un réxime transitorio e excepcional de encadramento, que permitirá recoñecer un grao inicial ou un grao de carreira máis*

O Consello da Xunta vén de aprobar as bases da carreira profesional, no ámbito do Servizo Galego de Saúde e das entidades adscritas á Consellería de Sanidade e ao dito organismo, logo do acordo ao que chegaron o Sergas e os sindicatos (CESM, CSIF, CIG, UGT e SATSE) na reunión da mesa sectorial do pasado venres 6 de xullo. Á carreira profesional poderán concorrer os profesionais de todas as categorías profesionais que están a traballar no Sergas (médicos, enfermeiros, auxiliares de enfermería, administrativos, celadores...) e entidades adscritas (ADOS, ACIS, FP 061, Galaria e INGO) con praza en propiedade ou interino. Con este acordo, implántase por primeira vez en Galicia un verdadeiro sistema ordinario de carreira para todos os colectivos profesionais sen distinción, xa que ata o de agora o que existían eran réximes extraordinarios de carreira.

O documento blinda a equiparación plena dos dereitos recoñecidos de médicos, persoal de enfermaría e resto do persoal sanitario e non sanitario. Tamén blinda o pleno recoñecemento económico dos mesmos dereitos para o persoal interino, que por primeira vez vai acceder ao recoñecemento da carreira profesional. Esta medida sitúa Galicia como unha das comunidades autónomas que recoñece carreira ao persoal interino, con plenitude de dereitos e ao mesmo nivel que o persoal fixo.

As bases prevén un incremento medio das retribucións dun 6%, do cal se poderán beneficiar a máis de 25.000 profesionais que están a traballar no sistema público sanitario. Ademais a contía dos graos sitúa Galicia por riba da media do que se está a retribuír polo resto das comunidades autónomas por este concepto.

Grao inicial e catro graos

A carreira profesional estrutúrase nun grao inicial (a que poderá acceder o persoal fixo da categoría, o persoal interino en praza vacante e o persoal fixo doutra categoría que está a desempeñar unha praza vacante por promoción interna temporal) e catro graos. O ciclo completo dos 4 graos para persoal licenciado sanitario é de 22 anos, o que

sitúa Galicia por baixo doutras comunidades como Cataluña ou País Vasco, en que se requiren 25 anos para completar o ciclo. Para o resto dos colectivos (persoal diplomado/graduado sanitario, sanitario de FP e persoal de xestión e servizos) prevese un periodo de 24 anos. Esta duración sitúa Galicia na media do resto dos servizos de saúde.

O grao inicial poderán solicitalo en calquera momento os profesionais que reúnan os requisitos establecidos e a súa resolución terá efectos desde o día da presentación da solicitude. Respecto aos outros catro graos, os procedementos para acceder a eles iniciaraos o Sergas, mediante convocatorias publicadas unha vez ao ano, no *Diario Oficial de Galicia*. Cada convocatoria determinará o prazo para presentar as solicitudes, que non poderá ser inferior a un mes.

Sistema transitorio de encadramento

Nas bases prevese un sistema transitorio e excepcional de encadramento para o acceso, por unha soa vez, a un único grao (o grao I ou o seguinte a aquel que o profesional xa teña recoñecido). Este sistema excepcional de encadramento habilitase para acceder ou progresar na carreira da categoría/especialidade en que o profesional estea en situación de activo (ou con reserva de praza) o 1 de xullo de 2018. Tamén se prevé unha flexibilización nos requisitos para o acceso a un seguinte grao, que vai permitir ao persoal que concorra á carreira profesional o recoñecemento de dous graos en dous anos.

Este réxime transitorio de encadramento é para o persoal fixo que durante os anos da crise económica viu paralizada a posibilidade de progresar nos graos.

Está previsto que antes de finais deste ano 2018 se proceda á convocatoria e ao recoñecemento administrativo dos novos graos de desenvolvemento profesional derivados do sistema transitorio. Isto permitirá que os profesionais do Sergas poidan percibir o 60% dos importes correspondentes ás retribucións computadas na carreira profesional do grao recoñecido a partir do vindeiro ano 2019, para chegar ao 100% a partir de 2020.

As bases da carreira profesional tamén recollen os baremos, adaptados ás características de cada colectivo profesional, profesión ou categoría; o número de puntos necesarios para acceder aos sucesivos graos e a puntuación mínima e máxima, así como a composición dos órganos de avaliación, entre outros.

Obxectivos

Enténdese por carreira profesional o dereito dos profesionais a progresaren de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a

coñecementos, formación, experiencia, investigación, docencia e outros aspectos relevantes.

O obxectivo do sistema de carreira profesional é recoñecer a achega dos profesionais á mellora da calidade dos servizos sanitarios públicos; distinguir os profesionais outorgando un recoñecemento obxectivo á súa competencia profesional individual; xerar máis corresponsabilidade e fomentar a cultura do compromiso co sistema sanitario público, promovendo a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación. Entre os obxectivos tamén se atopa o de lograr un maior grao de motivación dos profesionais que permaneza ao longo da súa vida laboral e propiciar, con iso, a mellora dos servizos públicos sanitarios e de xestión.

A carreira profesional é voluntaria, xa que lle corresponde ao persoal decidir se se incorpora ao sistema de carreira e o ritmo de progresión nos diferentes graos que a configuran. Tamén é personalizada, progresiva, avaliable, transparente, aberta, irreversible, actualizable e homologable. Independente do posto de traballo que se ocupe, obter un grao de carreira determinado non implica que o profesional cambie de posto de traballo nin a actividade que desenvolve.

Co acordo de hoxe, o Goberno galego segue fiel ao seu compromiso de traballar por unha sanidade pública de calidade e pola mellora das condicións laborais dos profesionais que están a traballar no sistema sanitario público de Galicia. O establecemento das bases da carreira profesional e as retribucións derivadas destas súmanse ao conxunto de medidas xa adoptadas no eido da sanidade pública na procura da mellora das condicións de traballo do persoal do Sergas, como é a convocatoria de OPES anuais, o Plan de estabilidade temporal, a flexibilización da idade de xubilación ou o novo pacto de contratación temporal.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE CATOIRA, MEIS, CUALEDRO E PORQUEIRA

O Consello da Xunta acaba de autorizar a aceptación da cesión dos inmobles dos centros de saúde de Catoira e de Mosteiro (Meis), ambos os dous na provincia de Pontevedra; e de Cualedro e Porqueira, ambos os dous na provincia de Ourense, feitas todas elas a título gratuito por parte dos respectivos concellos a favor do Servizo Galego de Saúde. A transferencia de todos estes centros ten un custo anual de mantemento estimado para a Xunta de Galicia de 94.026,29 euros.

Estas catro novas cesións forman parte do grupo de centros de saúde dos cales o Sergas asumirá os seus custos de mantemento ao longo do presente ano, xunto cos xa asumidos ao longo das últimas semanas (Vimianzo, Paderne, Lestrobe, Tordoia, A Pastoriza, Barralla, Barreiro, Sober e O Rosal). Ademais destes, o Sergas tamén prevé a asunción, ao longo dos vindeiros meses, do centro de saúde de Mos. A transferencia de todos estes centros ten un custo de mantemento anual estimado para a Xunta de Galicia de 701.769 euros.

Estas catro infraestruturas da rede sanitaria pública galega de Catoira, Mosteiro (Meis), Cualedro e Porqueira engádense aos 81 centros xa cedidos á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

O centro de saúde de Catoira (Pontevedra) conta cunha superficie construída de 512 m² e o custo anual de mantemento estimado pola Xerencia da Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés é de 32.439,43 euros. Pola súa banda, o centro de saúde de Mosteiro, no concello pontevedrés de Meis, ten unha superficie construída de 301,50 m², e a estimación do custo anual de mantemento desta infraestrutura sanitaria é de 23.586,86 euros.

O centro de saúde de Cualedro (Ourense) conta cunha superficie construída de 715 m² e o custo anual de mantemento estimado pola Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras é de 20.000 euros. Mentres que o custo anual de mantemento do centro de saúde de Porqueira (Ourense), que conta cunha superficie construída de 266 m², foi estimado pola devandita Xerencia en 18.000 euros.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios en que se establecen as bases de cooperación co Sergas para "a

cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do seu mantemento". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios a fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovle e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

A XUNTA INCREMENTA NUN 15% A ORDE DE AXUDAS ÁS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA ACTIVIDADES E SERVIZOS DE INCLUSIÓN SOCIAL

- *A nova convocatoria, que abrangue este ano e o vindeiro, conta cun orzamento superior aos 6 millóns de euros*
- *Son subvencionables os programas que desenvolvan as corporacións locais para a incorporación sociolaboral da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión*
- *Tamén se poden financiar programas complementarios de educación e apoio dirixidos a familias con menores, así como os investimentos en centros de inclusión e emerxencia social*

O Consello da Xunta autorizou un crédito plurianual superior ao 6,3 millóns de euros dirixido a subvencionar programas, actividades servizos e investimentos no ámbito da inclusión social por parte das corporacións locais. Este montante correspóndense coa nova orde que regula a convocatoria desta liña de axudas para o período comprendido entre o pasado día 1 deste mes de xullo e o 31 de outubro de 2019 e que conta con financiamento por parte do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e o Fondo Social Europeo.

Do orzamento total de 6,3 millóns de euros, 2,5 corresponden a este ano 2018 e os 3,8 restantes a 2019. Esta é a quinta convocatoria consecutiva en que aumenta a contía do crédito dispoñible para a concesión destas axudas ás entidades locais, que se incrementan en máis dun 15% con respecto á anterior convocatoria, que foi a dos exercicios 2017-2018 e ascendeu a 5,5 millóns de euros. Serán subvencionables os programas desenvolvidos polas corporacións municipais para a inclusión sociolaboral da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. Ademais, a orde inclúe unha liña específica para financiar programas complementarios de educación e apoio familiar destinados á inclusión social dos menores, así como outra dirixida ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social.

Máis polo miúdo, as bases da convocatoria establecen que as actividades financiadas deberán ter como finalidade que as persoas beneficiarias adquiren habilidades, destrezas, formación básica e de tipo laboral específica, como é a preparación para a avaliación das competencias clave exixibles para o acceso a unha formación e cualificación profesional; e que tamén son susceptibles de recibir achega as accións de mediación intercultural ou de carácter residencial. Igualmente, poderanse subvencionar programas que teñan como obxecto que as familias adquiren competencias e habilidades para o correcto desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas. E, así mesmo, a orde incorpora a posibilidade de destinar axudas tanto a construír ou mellorar centros de inclusión ou emerxencia social como a adquirir inmobles,

equipamento, moblaxe e vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

Cómpre indicar que esta orde de axudas se enmarca na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, en que se dá unha énfase especial aos procesos vinculados á inclusión social das persoas que usuarias dos servizos sociocomunitarios dos concellos. Ademais de garantir a atención ás persoas e grupos de poboación máis desfavorecidos e con maior risco de desprotección social, con esta medida a Xunta tamén presta o seu apoio ás entidades locais, dotándoas co orzamento necesario para que poidan desenvolver actuacións orientadas a acadar a inclusión social e mellorar a calidade de vida das persoas e colectivos máis vulnerables.

No que respecta á comparación cuantitativa das distintas convocatorias, o orzamento das axudas recollidas nesta orde incrementouse de maneira importante desde 2013, ano en que por primeira vez se realizou unha convocatoria conxunta de todas as liñas de axuda pertencentes ao ámbito da inclusión social. Así, en 2013 destinouse a esta orde un crédito de 1,3 millóns de euros fronte aos 6,3 desta nova convocatoria. Este reforzo económico traducíuse nun aumento tanto dos concellos, agrupacións e mancomunidades beneficiarias como dos programas concedidos, pasando das 32 entidades locais que recibiron achega en 2013 para un total de 51 programas ás 46 que tiveron axuda na anterior convocatoria de 2017-2018 para o desenvolvemento de 74 programas de inclusión.

A XUNTA APROBA AS AXUDAS PARA A POSTA EN MARCHA DAS CASAS DO MAIOR EN CONCELLOS DE MENOS DE 5000 HABITANTES

- *Estarán destinadas á atención de persoas maiores de 60 anos de idade en situación de dependencia moderada e severa e atenderán un máximo de cinco usuarios de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade*
- *A convocatoria de axudas estará dotada con 1,3 millóns de euros para 2018 e 2019 e subvencionará tanto a reforma e adaptación da vivenda e o seu equipamento e dotación material como a atención profesional prestada*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a posta en marcha das casas do maior, unha experiencia piloto destinada a contribuír na atención e prevención da dependencia para manter e mellorar a calidade de vida das persoas maiores de 60 anos en situación de dependencia moderada e severa.

A casa do maior preséntase como alternativa cando, en poboacións de menos de 5000 habitantes, non existan recursos de atención para este colectivo ou cando o internamento nese tipo de institucións non sexa desexado, procurando o mantemento no medio social habitual coa finalidade de que estas experiencias piloto poidan garantir a futura posta en marcha eficiente de servizos de atención en pequenos grupos, de maneira flexible e con garantías de seguridade e calidade. Na actualidade, existen en Galicia 90 localidades susceptibles de implantar nos seus límites este recurso.

Cada casa do maior atenderá un máximo de cinco persoas, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade, dado que se exixirá formación ou experiencia profesional específica. Nestes recursos procurarase un ambiente e trato familiar en que se dea resposta ás necesidades dos usuarios. Así, a atención prestada comprenderá a manutención, a hixiene, o desenvolvemento de actividades de lecer e/ou cognitivas e prestarase, nun máximo de oito horas de luns a venres durante todo o ano, excepto os días festivos e un mes de cada 12, en que a casa do maior permanecerá pechada por vacacións.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas que se establezan como empresarios autónomos ou que constitúan cooperativas de traballo asociado en que alomenos un dos socios/as estea en posesión dun título de grao en enfermaría, medicina, de técnico en coidados auxiliares de enfermaría, de técnico de atención a persoas en situación de dependencia, de técnico superior en integración social, o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou o diploma que acredite a realización de cursos de formación integral e/ou complementaria para futuros profesionais da casa do maior.

Esta iniciativa conta cun investimento global de 1.360.637 millóns de euros para as anualidades 2018 e 2019. As axudas para gastos de investimento serán de ata o 100% dos gastos e un máximo de 15.000 euros por cada casa. Serán subvencionables, ao amparo desta convocatoria, a reforma e adaptación da vivenda destinada a servir como casa do maior, o seu equipamento e a dotación de material. Así mesmo, subvencionares a prestación da atención individualizada dos usuarios, que consistirá nunha prima de 19.600 euros ao ano.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, en atención a criterios como a inexistencia de recursos comúns de atención ás persoas maiores nos concellos onde pretenda implantarse a casa do maior e a contribución á integración laboral de persoas en situación de especial protección.

Ademais de incrementar a cobertura e a calidade da atención aos galegos e galegas, esta convocatoria favorece as fórmulas de autoemprego e de economía social que demostraron ser eficaces para a dinamización económica en zonas rurais e para a fixación da poboación ao territorio, creando oportunidades laborais en territorios afectados polo declive demográfico.

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE O VISTO E PRACE Á DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DA OBRA DE REPARACIÓN DA ESTRADA LU-613 ENTRE O PÁRAMO E PORTOMARÍN, CUN INVESTIMENTO DE 172.000 EUROS

- *O derrubamento dun muro no punto quilométrico 1 + 050, no núcleo de Pedrouzos, por mor das intensas chuvias de comezos de xullo, obrigou a cortar a estrada e a establecer desvíos alternativos*
- *As obras consisten na restitución da plataforma da estrada, na execución dun novo muro de contención, na renovación da drenaxe transversal e na reposición do recheo do terraplén e do firme*
- *Está previsto que os traballos estean rematados a comezos de agosto*

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e praxe ao informe da Consellería de Infraestruturas e Vivenda sobre a declaración como obra de emerxencia da reparación da estrada autonómica LU-613 entre os concellos do Páramo e Portomarín a través dun investimento de case 171.948 euros.

O derrubamento dun muro no punto quilométrico 1 + 050 desa estrada autonómica, no núcleo de Pedrouzos, a consecuencia das intensas chuvias rexistradas a comezos de xullo, obrigou a cortar a estrada e a establecer desvíos alternativos.

Para solucionar o antes posible a situación, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda acordou tramitar como unha obra de emerxencia a reparación deses danos, cumprindo hoxe a obriga establecida na lexislación de dar conta desa decisión ao Consello da Xunta.

Os técnicos da Consellería de Infraestruturas e Vivenda apuntan como causa do colapso da estrutura da estrada o impacto das intensas chuvias rexistradas, así como a escasa capacidade de desaugamento da obra de drenaxe transversal existente, que facilitou a acumulación de auga infiltrada no corpo do terraplén, exercendo un empuxe sobre o muro que provocou a súa caída.

As obras recollidas nesta declaración de emerxencia consisten na restitución da plataforma da estrada autonómica LU-613, que conecta Portomarín e Cendoí, á altura do punto quilométrico 1 + 050 en que se produciu o derrubamento. Executarase un novo muro de contención de 38 metros de lonxitude para conter a plataforma da estrada, ademais de renovarse a drenaxe transversal e reporse o recheo do terraplén e o firme.

Está previsto que os traballos rematen nas próximas semanas de forma que a estrada poida ser reaberta ao tráfico a comezos do mes de agosto.

O PLAN FORESTAL DE GALICIA PREVÉ DUPLICAR A PRODUCCIÓN DE MADEIRA DE CALIDADE E MANTER O NOSO LIDERADO NOUTROS APROVEITAMENTOS DO MONTE

- *Ademais de apostar polo incremento da madeira certificada, o documento avoga por manter o pulo da nosa comunidade nas producións de castañas e mel e potenciar o pastoreo, entre outras medidas*
- *Prevese un orzamento inicial de 112 millóns de euros, cun incremento sostido anual dun 1% durante a súa vixencia, por un período de 20 anos*
- *Incorpora figuras como a do "silvicultor activo", en recoñecemento dos propietarios que xestionan o seu monte, ou a de "montes modelo", que sirvan de referencia de boas prácticas na xestión en todos os distritos forestais*
- *O texto da primeira revisión do plan atópase actualmente en trámite de información pública e seguirá elaborándose co máximo consenso posible*

O Plan forestal de Galicia (PFG) prevé duplicar a produción de madeira na nosa comunidade ata os 16 millóns de metros cúbicos anuais e aposta, ademais, por manter o noso liderado nas producións de castañas e de mel, incrementar as superficies que sustenten a cabana gandeira, preservar unha paisaxe que perpetúe as tradicións propias de Galicia e soste a nosa biodiversidade. Estes son algúns dos obxectivos máis importantes desta planificación, tal e como se sinala nun informe da Consellería do Medio Rural avaliado hoxe polo Consello da Xunta.

O documento da primeira revisión do plan atópase actualmente en trámite de información pública, dentro dun proceso de elaboración que continúa buscando e primando o máximo consenso co sector e, en xeral, coa sociedade galega no seu conxunto. Nesta liña, o texto incorporou xa diferentes achegas, entre elas os principios inspiradores elaborados polo sector forestal.

En relación cos obxectivos establecidos, o máis ambicioso pasa por multiplicar por dous a produción de madeira, e pasar dos actuais 8 millóns de metros cúbicos anuais ata os 16, incrementando, ao tempo, a súa calidade. A superficie destinada a esta produción increméntase, de acordo co plan, desde as 980.000 ata as 1.060.000 hectáreas. Faise unha repartición equilibrada do territorio forestal galego, de forma que o 52% se destinará a esa produción sustentable de madeira, o 23% a frondosas autóctonas e soutos e o 24% a espazos abertos e pasteiros.

Vixencia de vinte anos

Todo isto cun investimento que parte no ano 2018 de 112 millóns de euros, planifícase un incremento sostido anual do orzamento dun 1% durante o período de

vixencia do Plan, que se prolongará ao longo de vinte anos, con revisións de carácter quinquenal.

No informe sinálase, ademais, que o PFG constitúe unha ferramenta fundamental na xestión territorial de Galicia, imbricado na lexislación urbanística e de ordenación do territorio, na normativa de conservación de espazos e especies protexidas e na ordenación da política agroalimentaria e industrial de Galicia (coordinación co Plan estratéxico da industria forestal de Galicia).

O fío condutor do Plan é a sustentabilidade na súa tripla vertente social, ambiental e económica. Nesta liña, incorpora figuras como a do “silvicultor activo”, en recoñecemento dos propietarios que xestionan o seu monte, ou a de “montes modelo”, para que sirvan de referencia de boas prácticas na xestión en todos os distritos forestais. Así mesmo, inclúe as directrices de xestión forestal en espazos protexidos, fomenta as distintas modalidades xurídicas de agrupación dos montes e leva a cabo unha promoción decidida da cultura forestal. A maiores, prevé a creación do Observatorio Forestal de Galicia e dun sistema integrado estatístico sobre esta materia no ámbito autonómico.

Simplificación lexislativa

No eido normativo, o PFG propón o desenvolvemento e a simplificación da lexislación autonómica en vigor e, en especial, das leis de montes de Galicia e de prevención de incendios, así como a revisión, mellora e actualización da Lei de montes veciñais en man común. Por outra banda, o plan céntrase tamén na creación do escenario propicio para a implantación en Galicia dun seguro forestal que ampare os montes contra os incendios e que faga posible pagar o valor de mercado da madeira queimada.